

## VISITA Á ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

O venres 27 de febreiro, o alumnado de 4º fomos a Escola Municipal de Artes Escénicas que se atopa a carón do Auditorio. Saímos as 10:00 andando porque os/as nenos/as do meu curso xa estamos acostumados a andar pola cidade. Eso si, seguindo as normas que os profesores, con frecuencia, nos repiten antes de saír.

Ao chegar xogamos un pouco na praza que está diante porque chegamos un pouco cedo e tiñamos que esperar por Thelma. Thelma é a directora da escola. É dunha pequena illa que se atopa no Pacífico e, o que máis lle gusta é ensinar teatro aínda que empezou traballando como periodista na televisión. Ensinounos as diferentes salas da escola e para que se utilizaban. O máis espectacular foi o escenario, cos focos e luces de cores, o telón..., incluso había un ascensor para subir ou baixar mobiliario aos sotos, onde se gardan para poderlos utilizar noutras ocasións. Recalcounos moitas veces que tivéramos coidado, pois o escenario é perigoso. Con tantas cousas...!

Explicounos que para facer teatro precisamos dunha historia, duns personaxes e tamén dun decorado. A través de difentes pantallas que subían e baixaban e con diferentes luces podían facelo. Para caracterizar aos personaxes aprendían a maquillarse uns a outros. Todos tiñan que traballar en equipo.

Ao final fixemos catro grupos. Un do grupo facía de modelo e os demais deseñamos traxes con xornais vellos. Fixemos un desfile. Ao rematar os deseñadores explicaron os seus traxes. ENCANTOUNOS!!!!.

Paula María e Victoria de 4º